

Tema 1

A VOZ.

- ◆ A voz na música: posibilidades de comunicación e expresión.
- ◆ Calidades e tipos vocais.

1. A voz na música: posibilidades de comunicación e expresión.

- » A voz é un instrumento por excelencia e como todo instrumento hai que saber utilizalo e coidalo. A través da voz expresamos o noso estado de ánimo e comunicamos as ideas e sentimentos.
- » Na emisión da voz interveñen tres aparatos:
 - ? aparato respiratorio, formado pola nariz, a boca, a traquea, os pulmóns e o diafragma. Realiza a respiración que consta de dúas fases: inspiración ou entrada do aire e expiración ou saída.
 - ? aparato de fonación, formado pola larinxe e as cordas vocais. Na fase de expiración o aire pasa polas cordas vocais que se unen ou separan por orden do cerebro, abrindo ou cerrando un orificio chamado glotis e producindo o proceso de vibración.
 - ? aparato resoador, formado por cavidades (senos oculares, cavidade bucal, nasal, cranial, etc.) O aire transformado en son expándese adquirindo a calidade e a amplitude propias.
- » A técnica vocal necesita de catro elementos básicos: respiración, articulación, vocalización, entoación.
 - ? Respiración. O control da respiración é necesario para unha boa interpretación no canto. Existen tres tipos de respiración:
 - a) Diafragmática ou abdominal. O aire entra e produce un avultamento no ventre por descenso do diafragma.
 - b) Costal. O aire ensancha o tórax.
 - c) Completa. Enchemos o diafragma, despois o tórax e por último as costelas. É a que debemos empregar para cantar.
 - ? Articulación. Cada unha das posicións que se realiza modifica o son que se vai emitir.
 - ? Vocalización. Correcta posición da cavidade bucal para a pronunciación das vocais.
 - ? Entoación. Proceso polo que emitimos os sons cas alturas ou tons determinados.
 - ? Consideramos a voz un instrumento musical e como tal require das técnicas básicas para desenvolver as súas calidades, é dicir, as técnicas do canto. Da mesma maneira que todo instrumento está debidamente afinado, a voz debe ter unha correcta entoación.
 - ? Na adolescencia prodúcese un desenvolvemento hormonal que afecta a todo o corpo e provoca o chamado "cambio de voz". Nas nenas é case imperceptible, mentres que nos nenos é moito máis notorio porque a voz faise máis grave.

2. Calidades e tipos vocais.

- » O conxunto de notas, dende a mais grave á mais aguda, que alcanza un cantante chámase rexistro ou extensión.
- » Baseándonos na altura podemos clasificar as voces en:
 - ? voces brancas: son as dos nenos/as educadas para cantar, caracterízanse pola súa claridade e o seu ámbito natural é moi amplo (do₄ la₄).
 - ? voces femininas as das mulleres.

»Esquema representativo:

| Tipo | Nome | Extensión | Tesitura |
|------------|--------------|-------------------------------------|----------|
| Femininas | Soprano | do ₄ - do ₆ | Aguda |
| | Mezzosoprano | la ₃ - la ₅ | Media |
| | Contralto | fa ₃ - fa ₅ | Grave |
| Masculinas | Tenor | si ₂ - si ₄ | Aguda |
| | Barítono | sol ₂ - sol ₄ | Media |
| | Baixo | do ₂ - do ₄ | Grave |

- » As calidades máis importantes son:
 - ? Boa colocación e articulación de vocais e consonantes.
 - ? Correcta entoación ó cantar.
 - ? Emisión clara e agradable.
 - ? Dominio da intensidade, ton e duración do son.
 - ? Boa musicalidade.

POSIBLES PREGUNTAS DE CONTROL

- ➔ Aparatos que interveñen na emisión da voz. Completa poñendo os nomes:
aparato _____, formado pola nariz, a boca, a tráquea, os pulmóns e o diafragma. Realiza a respiración que consta de dúas fases: _____ ou entrada do aire e _____ ou saída.
` aparato de _____, formado pola larinxe e as cordas vocais.
` aparato _____, formado por cavidades (senos oculares, cavidade bucal, nasal, craneal, etc.).

- ➔ Tipos de respiración. Completa:
` _____ ou _____. O aire entra e produce un abultamento no ventre por descenso do diafragma.
` _____. O aire ensancha o tórax.
` _____ Enchemo-lo diafragma, despois o tórax e por último as costelas. É a que debemos empregar para cantar.

- ➔ Une cada definición co término correspondente :

| | |
|---|--------------|
| Cada unha das posicións que se realiza modifica o sonido que se vai emitir. | Vocalización |
| Correcta posición da cavidade bucal para a pronunciación das vocais. | Entonación |
| Proceso polo que emitimo-los sonidos cas alturas ou tonos determinados. | Articulación |

- ➔ Completa:
O conxunto de notas, dende a mais grave á mais aguda, que alcanza un cantante chámase _____ ou _____

- ➔ Completa:
voces _____ ou infantiles: son as dos nenos/as,
voces _____ as das mulleres.
voces _____ as dos homes

- ➔ Completaa táboa:

| | Aguda | Media | Grave |
|------------|-------|-------|-------|
| Femeninas | | | |
| Masculinas | | | |